



## DECRETO DA ALCALDÍA

Nº expediente 365/2024

### **APROBACIÓN DA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO, GRUPO C, SUBGRUPO C-1**

Examinado o expediente tramitado para a creación dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de administrativo, grupo c, subgrupo c-1, resultan relevantes os seguintes:

Antecedentes de feito:

1.- Mediante Resolución desta Alcaldía de data 11/03/2024 se aprobaron as bases reguladoras para a constitución dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de administrativo, grupo c, subgrupo c-1.

2.- Mediante acta do tribunal avaliador do proceso selectivo para a constitución dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de administrativo, grupo c, subgrupo c-1, de data 06/06/2024 establécense as puntuacións provisionais totais do proceso selectivo, indicándose que “ a valoración total entenderase elevada a definitiva no caso de que non existan alegacións, en tal caso se propón a Alcaldía a constitución/aprobación da lista de reserva seguinte:

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>total</b>
PABLO AMOEDO FREITAS	**0040***	12,22

.”

3.- Non se producen alegacións, polo que as puntuacións definitivas e proposta de lista de reserva son as sinaladas no punto anterior.

Fundamentos de dereito:

Primeiro: A lista de espera elaborada segundo o establecido no artigo 12 das bases reguladoras da convocatoria terá unha duración de 3 anos ou de menos no caso de que houbese un novo proceso selectivo para a cobertura das prazas, momento a partir do cal esta lista deixaría de ter vixencia.

Segundo: A competencia en materia de persoal segundo o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de Réxime Local corresponde a esta Alcaldía.

En atención ao exposto,

**RESOLVO**





1.-Prestar aprobación á lista de reserva para a provisión interina de prazas de administrativo, grupo c, subgrupo c-1, segundo a proposta do tribunal de data 06/06/2024:

posto	APELIDOS E NOME	DNI	Puntuación total
1	PABLO AMOEDO FREITAS	**0040**	12,22

2.- O funcionamento da lista de reserva aprobada axustarase ás previsións dos artigos 12, 13 e 14 das Bases Reguladoras da Convocatoria.

3.- A presente lista terá unha duración de 3 anos ou de menos no caso de que houberse un novo proceso selectivo para a cobertura das prazas , momento a partir do cal deixaría de ter vixencia.

4.- Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia a unha cobertura dará lugar as seguintes medidas (artigo 14 das bases):

- A renuncia o nomeamento por causa xustificada (estar traballando por conta propia ou allea, facéndoo constar de xeito fehaciente, períodos de embarazo maternidade ou situacións asimiladas, ou enfermidade debidamente xustificada) determinará que non se perda a orde na bolsa de traballo procedéndose ao chamamento do seguinte aspirante na orde da bolsa de traballo.
- A renuncia por causa xustificada ao nomeamento como funcionario interino por dúas veces suporá a perda da orde na bolsa de emprego relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma.
- A renuncia por causa non xustificada ao nomeamento como funcionario interino suporá a perda da orde na bolsa de emprego relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma.

5.- Procederáse a exclusión definitiva da lista de reserva a aquelas persoas que (artigo 14 das bases):

O/a aspirante que tendo sido nomeado/a funcionario/a interino/a renuncie ao posto será excluído/a da bolsa de traballo.

6.- Dispoñer a publicación da presente resolución e lista no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Pazos de Borbén e na súa páxina web para xeral coñecemento polos interesados.

7.- Dar traslado da presente resolución o Pleno na primeira sesión que se celebre.

8.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse os seguintes recursos:

- ✓ Potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o da notificación da presente resolución.
- ✓ Contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de





Vigo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezarán a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.

- ✓ Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde en Pazos de Borbén

*O DECRETOU O SR. ALCALDE – PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU, SECRETARIA – INTERVENTORA DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL AO MARXE.*

